

## II COPA DEPUTACIÓN DE ORIENTACIÓN 2017

### REGULAMENTO

A **Asociación Deportiva Limiactiva** en colaboración co club **Peña Trevinca** (O Barco de Valdeorras), coa **Federación Galega de Orientación** (FEGADO) e co patrocinio da **Deputación Provincial de Ourense**, organiza a **II Copa Deputación de Orientación 2017**, na modalidade de Orientación a Pé.

1. A **II Copa Deputación de Orientación 2017**, estará composta por 5 probas a celebrar en diferentes lugares da provincia de Ourense, co seguinte calendario de carreiras:

DATA	PROBA
29 DE XANEIRO	INDOOR OURENSE
A DETERMINAR	ALLARIZ
27 DE AGOSTO	XINZO DE LIMIA
A DETERMINAR	CENLLE
10 DE SETEMBRO	O BARCO DE VALDEORRAS

O club organizador poderá modificar o calendario de carreiras, As modificacións serán debidamente comunicadas ós participantes inscritos na Copa Deputación a través das súas páxinas web e dos perfís de Facebook de cada un deles.

#### **2. PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas as persoas que o desexen, estén ou non federadas no deporte de orientación.

Para poder optar ós premios finais da Copa Deputación, os orientadores terán que cumprir a lo menos dúas das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (Acreditar con NIF).
- Ser ourensán de nacemento (Acreditar co NIF ou partida de nacemento).
- Con domicilio legal nun concello da provincia de Ourense (Acreditar con certificado de empadramento)
- Ser socio de algún club de orientación da provincia de Ourense.

Os orientadores que non cumpran dous de estas condicións, entrarán na clasificación da proba ou probas nas que participen, pero non na clasificación final da Copa Deputación.

### **3. CATEGORÍAS:**

Masculina e feminina:

- PREBENXAMÍN (2009-2010-2011)
- BENXAMÍN (2007-2008)
- ALEVÍN (2005-2006)
- INFANTIL (2003-2004)
- CADETE (2001-2002)
- SÉNIOR (ATA O 2000 sen límite de idade)
- VETERÁNS 45 (Nados no 1971 e anteriores)

A organización poderá programar diferentes percorridos en función das categorías e os orientadores deberán participar na categoría que lle corresponda por data de nacemento.

Os menores de idade deberán presentar a autorización de participación asinada polo seu pai/nai ou titor.

### **4. CLASIFICACIÓNS E PREMIOS:**

- Para optar á clasificación final, será necesario ter participado en **3** xornadas do Copa Deputación.  
A dirección da proba, de oficio ou a instancia de outros orientadores, poderá tomar a decisión de descontar puntos na clasificación dos corredores que participen acompañados por outra persoa.
- Os premios consistirán nun trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

### **5. INSCRICIÓN:**

- Tódalas inscricións realizaranse a través do formulario que publicarán as entidades organizadoras na súas respectivas páxinas web.
- Será necesario inscribirse en cada unha das probas a realizar.
- A cuota de inscrición será de 4 euros por proba, a pagar o día da competición, no momento de confirmar a participación.
- Os clubs organizadores poderán cobrar ós participantes a cantidade de 1 euros en concepto de alquiler de tarxeta Sportident.
- A inscrición será gratuita para as categorías Prebenxamín, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete.

### **6. RESULTADOS.**

Ós resultados provisionais das probas, así como a clasificación da Copa Deputación, expóranse na páxinas web dos clubs organizadores.

**7. SEGURO.**

Os clubes organizadores dispoñen dun seguro de Responsabilidade Civil e contratará un seguro de accidentes para cada participante en cada unha das probas organizadas.

**8. ACEPTACIÓN DAS NORMAS.**

Tódolos participantes inscritos aceptarán as normas de esta competición, que esixen un riguroso respecto o Medio Ambiente, ós competidores e ó material empleado nas competicións (balizas e pinzas de control), sendo descalificado o corredor que sexa sorprendido modificando o lugar das balizas.